

# **Pasado e futuro**

**IES Alfoz-Valadouro 2013**

# PERSONAXES

NOELIA.- Rapaza de 15 anos.  
ASIER: Mozo de Noelia, da súa mesma idade.  
XULIA: Nai de Noelia.  
CARME: Irmá de Noelia, máis nova.  
IAGO: Irmán de Noelia, máis novo.  
ROSA: Tía de Noelia, irmá de Xulia.  
FERNANDO: Esposo de Rosa.  
ENMA: Curmá de Noelia, da súa idade. Filla de Rosa e Fernando.  
LUCÍA: Amiga e compañeira de Noelia.  
XABIER: Amigo e compañeiro de Noelia, mozo de Lucía.  
BRAIS: Amigo e compañeiro de Noelia.  
MARÍA: Curmá pequena de Asier.  
MARTA: Tía de Asier, nai de María. Asier vive na súa casa.  
SACERDOTE.  
ENTERRADORES.  
XENTE NO ENTERRO.  
XENTE DO POBO QUE VAI SAUDANDO NOELIA.  
RAPACES NA BIBLIOTECA DO INSTITUTO.  
RAPACES A CARÓN DA CONSERXERÍA NO INSTITUTO.  
XENTE POLO CORREDOR DO HOSPITAL.

INTERIOR-DÍA-COCIÑA DA CASA DE NOELIA.- *Xulia, a nai de Noelia abre un armario de cociña e extrae del uns pratos. Vai á mesa e vainos colocando. Pola porta entra Noelia coa mochila ó ombro.*

XULIA: Ah, ola, Noelia! Xa chegaches. Que tal polo instituto?

NOELIA (*achegándose e dándolle un bico á súa nai, que para de poñer a mesa*): Ben, mamá. Un nove e medio en Francés; é o que mellor se me dá. E logo un sete en Matemáticas e un 5 en Inglés.

XULIA: Hai que mellorar algo ese Inglés, Noelia...

NOELIA: Xa o sei, mamá... Pero dáseme fatal... E por riba a profe pon uns exames dificilísimos.

XULIA: Xa será menos...

NOELIA: Sabes? Hoxe chegou un rapaz novo á nosa clase.

XULIA: Algo me contaron. Creo que tivo problemas na súa familia e se tivo que vir vivir cos seus tíos aquí.

NOELIA: Si, iso é. Chámase Asier. E é moi guapo...

XULIA: Noelia...

NOELIA: Non teñas medo, mamá. Creo que non estou namorada del (*dá a volta e vaise cara á porta da cociña; ó chegar a ela, dá a volta para mirar á súa nai, que a observa*). Aínda... (*sae*).

XULIA (*berrando*): Lembra ir buscar ós teus irmáns ó cole! Xa case é hora!

NOELIA (*berrando dende fóra*): Descoida, mamá! Xa vou agora!

EXTERIOR E INTERIOR-DÍA-POBO DE NOELIA.

*Mentres se ven os créditos Noelia vai pasando por diversos establecementos do pobo e saudando ós que os atenden. Pode pasar pola panadaría, pola libraría, pola praza do pobo, etc.*

EXTERIOR-DÍA-ENTRADA DO COLEXIO DE PRIMARIA.

*Noelia chega á entrada do colexio. Hai nenos no interior do patio, facendo ruído. Noelia mira, intentando ver ós seus irmáns. Achégase Asier a falar con ela.*

ASIER: Ola.

NOELIA (*sorprendida*): Ah, ola! Non te oín chegar...

ASIER: Vés buscar a alguén?

NOELIA: Si, ós meus irmáns pequenos. Supoño que ti tamén, non?

ASIER: Si, veño buscar a alguén, pero non ós meus irmáns. Non teño irmáns. Veño buscar a miña curmá pequena, a filla dos meus tíos, cos que estou vivindo.

NOELIA: Ah, xa...

ASIER: Mira, por aí vén (*berra cara ó interior do patio do colexio*): Eh! María! (*María sae e chégase ata Asier, colléndolle a man; Asier despídese de Noelia*). Ben, ata mañá entón.

NOELIA: Ata mañá.

ASIER: Vémonos no instituto.

NOELIA: Si, vémonos.

*Asier afástase a carón da valla do colexio, con María collida da súa man e seguido pola mirada de Noelia. Saen pola porta do patio Carme e Iago.*

IAGO (*que chega primeiro*): Noelia, Noelia...! Carme suspendeu Coñecemento do Medio! Sacou un catro!

CARME: Pero... serás bocazas, Iago! Queres calarte!

NOELIA: Non sexas acusicas, Iago...

IAGO: Pero ela cando eu suspendín Galego tamén o dixo!

CARME: Como lle digas algo a mamá, esmágotelo!

IAGO: Non che teño medo!

NOELIA: Veña, rapaces, deixade de discutir, que mamá estanos agardando para comer.

*Os tres botan a andar pegados á valla do colexio, Iago e Carme pelexándose e Noelia tras eles.*

INTERIOR-DÍA-COCIÑA DA CASA DE NOELIA.

*Xulia, Noelia, Iago e Carme están sentados comendo arredor da mesa.*

IAGO (*á súa nai*): Mamá, Carme sacou un 4 en Coñecemento do Medio!

CARME (*erguendo a man para simular unha labazada*): Pero... serás cotilla...!

IAGO: É verdade, é verdade...!

CARME: Mamá, verdade que ser acusica é a peor cousa que hai no mundo?

XULIA: Non sei que che diga... Sacar un 4 en Coñecemento do Medio tampouco é ningunha marabilla...

CARME (*adoptando expresión de súplica*): É que me esquecín, mamá... Pensei que o exame era ó día seguinte e non estudei...

XULIA: Non, que non estudaches xa se ve...

IAGO: Suspendiches! Suspendiches!

CARME (*ameazando de novo ó seu irmán coa man*): Ou calas ou te esmago o nariz, anano!

NOELIA: Mamá, volví ver ó rapaz novo, a Asier. Estaba no colexio para recoller a unha curmá súa. Quedamos de vernos mañá no instituto. Non sei, pero dáme pena. Non sei o que lle pasou para ter que virse cos seus tíos, pero creo que lle pasou algunha cousa mala... É un rapaz algo triste.

XULIA: É de supoñer que algo malo lle pasaría, para non seguir cos seus pais.

IAGO: Mamá, dille a Carme que non se coma toda a pizza! Eu aínda quero un cacho...!

CARME: Pois comeras máis rápido, anano!

XULIA: Vamos, Carme, non sexas mala. Comparte co teu irmán.

NOELIA: Mamá, creo que vou necesitar un pantalón novo, e tamén unha camiseta nova... E uns zapatos, porque...

XULIA: Vaia! Vexo que o Asier ese é guapo de verdade...

NOELIA (*avergoñada*): Non é por iso, mamá... É que teño que renovar a miña roupa.

IAGO: Ha, ha! Noelia está namorada...

XULIA: Cala, Iago! E remata xa esa pizza! (*a Noelia*). Escoita, filla. Non podemos permitirmos moitos gastos. Dende que o teu pai falta as cousas non nos van moi ben economicamente...

NOELIA (*triste*): Pero papá vai volver, mamá... Calquera día...

XULIA: Non sei, filla, non sei... Desapareceu no mar, cariño, e o mar é inmenso... Dános de comer pero tamén nos destrúe... De momento só podemos contar co que eu gaño limpando, que non é moito e... Verás, ultimamente non me atopo moi ben... Estou moi cansa... Creo que estou enferma, Noelia... (*mira fixamente a Noelia*).

NOELIA (*despois duns segundos de pensalo*): Non te preocupes, mamá... A roupa pode esperar... (*érguese e sae da cociña; Xulia, Iago e Carme seguen comendo*).

#### INTERIOR-DÍA-DORMITORIO DE NOELIA.

*Noelia entra no seu dormitorio moi triste. Senta na cama e queda pensativa. Escóitase o ruído das ondas do mar.*

NOELIA (*pensativa*): Papá...! Papá...!

#### INTERIOR-DÍA-BIBLIOTECA DO INSTITUTO.

*Lucía, Xabier, Enma, Brais e Noelia están sentados arredor dunha mesa, estudando.*

BRAIS: Vaia rollo! Eu xa non sei se isto é o Passé Composé ou o Conditionnel Simple... Demo de Francés...! Non sei para que o inventaron. Co ben que se está falando en galego.

ENMA: Si, pois vai ti a París e fala en galego, a ver cantos te entenden...

BRAIS: E para que quero eu ir a París? Aquí estase de marabilla...

ENMA: Pero serás pasmón...! Xabier, dille aí ó teu amigo o importante que é coñecer mundo...

XABIÉR: Brais, é moi importante coñecer mundo...

BRAIS: E logo por que, a ver... Para que serve coñecer mundo?

LUCÍA: Para moitas cousas, tarugo!

XABIÉR: Eu, por exemplo, penso viaxar moito... con Lucía na nosa lúa de mel (*pásalle un brazo polo ombro a Lucía e míraa dunha forma sedutora*).

LUCÍA: Alto aí, conquistador, que aínda non está claro que vaiamos casar...

*Achégase Asier e fala con Noelia.*

ASIER (*a Noelia*): Ola, estás moi ocupada?

NOELIA (*nerviosa*): Non. En realidade só estaba escoitando as parvadas que din os meus

amigos.

ASIER: É que... Verás, dixéronme que ti eras a mellor da clase en Francés e... Ben, que eu non vou demasiado ben e preguntábame si...

NOELIA: Pois claro que si!

ASIER (*asombrado*): Pois claro que si que...?

NOELIA: Que si, que che vou axudar a estudar Francés. Non era iso o que me ías pedir?

ASIER: Pois... si... pero... Ben, entón podes, se che parece, vir á miña casa esta tarde?

NOELIA: Claro, alí estarei.

ASIER: Sabes onde é?

NOELIA: Creo que si, e se non pregunto... Este pobo non é grande.

ASIER: Quedamos entón polas cinco?

NOELIA: Vale, ás cinco. Alí estarei.

ASIER: Chao.

*Asier afástase e Noelia queda mirando como se vai.*

BRAIS: Hala! Xa imos estando todos emparellados. Lucía e Xabier que xa o teñen claro, e agora... Noelia e Asier... (*a Enma*). Só quedamos ti e máis eu, Enma. Que che parece se ti e máis eu...?

ENMA (*interrompendo*): Iso nin falalo, Brais... Nin falalo!

BRAIS: Pero se aínda non dixen nada!

ENMA: Non, pero estábalo pensando...

*Todos rin.*

#### INTERIOR-DÍA-ENTRADA DA CASA DOS TÍOS DE ASIER.

*Noelia chama á porta da casa dos tíos de Asier. Abre María, a curmá pequena de Asier.*

NOELIA: Ola.

MARÍA: Ola.

NOELIA: Está Asier?

*María non responde. Detrás dela aparece Marta, a tía de Asier.*

MARTA: Que fas, María? Por que non lle mandas pasar a Noelia. Pasa, Noelia, Asier está arriba, na súa habitación.

*María entra e Marta pecha a porta tras dela.*

#### INTERIOR-DÍA-DORMITORIO DE ASIER.

*Noelia abre a porta do dormitorio de Asier. Asier está dentro, deitado na cama ollando unha revista.*

NOELIA: Pódese?

ASIER (*poñéndose en pé dun salto e deixando a revista sobre a cama*): Claro! Pasa, Noelia... Vexo que es moi puntual...

NOELIA (*lanzando unha ollada panorámica da habitación e fixándose nos pósters de cabalos que hai nas paredes*): Vaia! Vexo que che gustan os cabalos.

ASIER: Pois si. Meu tío ten varios e ensinoume a montar. Encántame...

NOELIA (*sentando na cama*): En serio? Iso é algo que sempre quixen facer, pero non teño cabalos.

ASIER (*sentando tamén na cama, a carón de Noelia*): Non te preocupes. Direillo ó meu tío e el deixaremos un par deles. Iremos pasear xuntos.

NOELIA: Estupendo!

ASIER (*despois dunha pequena pausa, na que observa a Noelia*): Ben, pero agora, creo que teremos que estudar un pouco de Francés, non?

NOELIA: Claro! A iso viñemos, non é?

ASIER (*triste*): Si, a iso viñemos...

NOELIA: Pois non te vexo moi animado...

ASIER: Perdoa, é que... En fin... levo unha temporada que... Ben, o caso é que non estou moi optimista ultimamente... Síntoo.

NOELIA: Non tes que sentilo. Non te creas, eu tampouco estou moi alegre ultimamente.

ASIER: Vaia! E podo preguntar por que estás triste...

NOELIA: Cousas familiares. Meu pai é mariñeiro. Hai xa un tempo que desapareceu no mar e... Non hai moitas esperanzas de que volva...

ASIER: Síntoo moito, en serio. Iso é terrible!

NOELIA: Si, é terrible... E ti, Asier, por que estás triste?

ASIER: A miña é unha longa historia. Ten que ver cos meus pais. Morreron.

NOELIA: Vaia! Eu tamén o sinto, Asier. É por iso que vives cos teus tíos, non?

ASIER: Si. Pero o peor da historia non é que os meus pais morreran. A morte chega ás veces e non podemos evitala. O peor é como chega a morte... (*Asier agacha a mirada, triste*).

NOELIA: Non fales diso se non queres...

ASIER: A psicóloga díxome que debía falar do tema con naturalidade...

NOELIA: A psicóloga?

ASIER: Si. Fun á consulta da psicóloga durante un tempo. Dixeron que me facía falta.

NOELIA: E iso por que?

ASIER (*mirando fixamente a Noelia*): Meu pai... (*dubida*). Meu pai matou á miña nai...

NOELIA (*asombrada*): Que?

ASIER: Dixeron que fora por celos. O caso é que a matou. Cun coitelo...

NOELIA: Pero iso é terrible, Asier... Perdoa, se o chego a saber...

ASIER: Non importa. A psicóloga dixu que non debía evitar falar do tema.

NOELIA: Xa... E o teu pai...?

ASIER: Despois de matar á miña nai, quitouse el mesmo a vida...

NOELIA (*asustada*): Deus...!

ASIER: Son cousas que pasan...

NOELIA: Pero non deberían pasar, Asier! Esas cousas non deberían pasar!

ASIER (*agarrando a Noelia polas mans*): Xa ves, Noelia. Semella que as nosas vidas camiñan paralelas. Os dous levamos escrita a desgraza nas nosas vidas...  
*Ambos se miran fixamente, collidos das mans.*

#### INTERIOR-DÍA-ENTRADA DA CASA DE NOELIA.

*Entran Noelia, Carme e Iago na súa casa. Carme e Iago saúdan a présa dende a porta do salón á súa nai, que está sentada moi seria diante da televisión, e logo soben correndo ó piso de arriba. Noelia queda na porta do salón, mirando á súa nai.*

#### INTERIOR-DÍA-SALÓN DA CASA DE NOELIA.

*Despois de mirar uns instantes á súa nai con asombro, Noelia entra lentamente no salón e colócase sentada ó seu lado, mirándoa.*

NOELIA: Que pasa?

*Xulia mira a Noelia con expresión de profunda tristeza e logo desvía a mirada outra vez cara á televisión. Noelia agarda con paciencia a que a súa nai queira falar. Esta faino ó cabo duns instantes.*

XULIA: Noelia, ti es a maior e debes sabelo. Debes sabelo porque, ademais, es forte. E debes axudar ós teus irmáns. Eles confían en ti, filla...

NOELIA: Si, mamá, claro que coidarei deles, pero dime que é o que pasa...

XULIA: Pasa que... Que xa non teño traballo, Noelia, botáronme...

NOELIA: Vaia! E iso por que?

XULIA: Na fábrica sobra xente. Eu son das últimas en chegar a ela... Tocoume irme a min...

NOELIA: Pero non pasa nada, mamá... Sairemos adiante igual...

XULIA: Vai ser difícil... Teu pai... xa non está... E eu, enferma como estou... e agora sen traballo... pouco podo facer... (*hai unha pausa e as dúas míranse con tristeza*). Ademais, debemos deixar esta casa, Noelia... Xa non podemos vivir aquí...

NOELIA: Deixar a casa? E onde imos vivir entón?

XULIA: A túa tía Rosa, a nai de Enma, vainos acoller na súa casa... A min non me gusta a idea... Imos ser unha carga para eles, pero non nos queda outro remedio...

NOELIA: Xa...

XULIA: Para ti, para Carme e para Iago non vai ser tan malo. Estaredes con Enma e iso gustaravos. Ademais, eu terei que ausentarme un tempo porque... debo recibir un tratamento para a miña enfermidade...

NOELIA: Que clase de tratamento?

XULIA: Un tratamento... difícil, Noelia... Teño que ingresar no hospital por uns días... Haste ocupar dos teus irmáns, verdade, Noelia? (*cóllelle as mans a Noelia*).

NOELIA: Claro, mamá, non te preocupes... Eu cuidarei deles...

XULIA (*para si*): Ás veces a vida danos moitos golpes... moitos golpes...

#### INTERIOR-DÍA-SALÓN DA CASA DE ROSA.

*Sentados nos sofás, Rosa, Xulia, Noelia e Enma están conversando.*

ROSA: Non hai ningún problema, Xulia, ben o sabes. Aquí podedes estar como na vosa propia casa. Os nenos lévanse moi ben e van estar a gusto. Non é, Enma?

ENMA: Claro, mamá. Noelia vai compartir a miña cama comigo e Carme durmirá na cama do lado. A Iago podemos deixarlle o sofá-cama.

ROSA: E ti, Xulia, durmirás na habitación que temos libre. Non debes preocuparte por nada. Isto é só unha mala racha. Xa verás como dentro de pouco tempo as cousas volverán a ir mellor.

*Xulia asinte en silencio, cun sorriso triste.*

ENMA (*a Noelia*): Vén, Noelia. Teño que ensinarche algo que me deu Brais. Haste partir de risa.

*Saen Enma e Noelia en dirección ó dormitorio da primeira. Xulia e Rosa miran como saen.*

XULIA: Hai algo máis, Rosa.

ROSA: Que?

XULIA: Creo... creo que... as cousas xa non poden ir peor... (*chora*).

ROSA (*sentando a carón da súa irmá e pasándolle o brazo polo ombro*): Que pasa, Xulia?

XULIA: É sobre o meu, Rosa... É bastante peor do que pensaba. Teño cancro, Rosa, cancro...

*Rosa mira a Xulia con expresión de compaixón. Abrázaa. Sepárase dela e segue falando.*

ROSA: Pero hoxe en día o cancro non é tan grave, Xulia. Unha gran porcentaxe de xente cúrase sen problema.

*Xulia nega coa cabeza.*

XULIA: Non é o meu caso... É moi maligno, Rosa... Non hai moitas posibilidades...

*Míranse, abrázanse e choran.*

#### INTERIOR-DÍA-DORMITORIO DE ENMA.

*Enma e Noelia conversan deitadas na cama da primeira.*

ENMA: Gústache Asier, eh? Nótaseche moito...

NOELIA (*sorrindo*): Si, creo que si... Ten algo especial, algo no que se parece moito a min...

ENMA: O que?

NOELIA: A tristeza. Asier está triste, Enma... El tamén ten pasado por moitos problemas na súa existencia.

ENMA: Vaia!

NOELIA: E a pesar de todo, a pesar do mal que o ten pasado, creo que é forte. Gústame, si...

ENMA: Pois a min paréceme que ti tamén lle gustas a el...

NOELIA (*sorrindo*): Pode ser... Non sei... O outro día estiven na súa casa...

ENMA (*asombrada*): Que?

NOELIA: Si. Estivemos estudando Francés xuntos. Contoume moitas cousas da súa vida e quedamos para ir un día dar un paseo a caballo.

ENMA (*moi asombrada*): Que me estás dicindo! E non me contaras nada!

NOELIA: É que non tiven aínda oportunidade...

ENMA: Pero iso é estupendo, Noelia... Non deixes pasar esta oportunidade. Asier é un rapaz estupendo. Quen o pillara! Dende logo, Noelia, que sorte tes!

NOELIA (*poñéndose triste*): Non tanta, Enma, non tanta... A verdade, síntome como unha intrusa aquí, invadindo a túa casa...

ENMA: Que dis, parva? Nin se che ocorra pensar iso. A miña casa é a túa casa, Noelia, e as miñas cousas son as túas cousas. Ademais, así estaremos máis tempo xuntas e poderemos

cotillear máis...

NOELIA: E discutir máis...

ENMA: Pois si, discutir máis tamén... Que se non é moi aburrido (*colle a Noelia polos ombros*).

Noelia... Todo se vai amañar, xa verás...

*Noelia asinte con tristeza en silencio.*

#### EXTERIOR-DÍA-PAISAXE FERMOUSA.

*Por un camiño, no medio dunha paisaxe campestre fermosa, veñen camiñando Asier e Noelia. Cada un leva un cabalo collido das rendas. Páranse a contemplar a paisaxe que se perde ó lonxe.*

ASIER: Ben, aquí é. Este é o lugar ó que veño pensar e ordenar as ideas. Gústache?

NOELIA: Si, moito.

ASIER: Sabes o que me gusta a min, Noelia?

NOELIA: Que?

ASIER: Gústasme ti...

NOELIA (*avergoñada*): Pois si que é bonito o sitio este...

*Asier sorrí comprensivo e mira tamén a paisaxe.*

ASIER: Si. Dende que vin vivir á casa dos meus tíos veño moito por aquí. Axúdame a esquecer o pasado.

NOELIA: E a pensar no futuro?

ASIER: Si, a pensar no futuro tamén. O pasado e o futuro son os dous extremos dunha mesma cousa.

NOELIA: Sabes? A ti asústate o pasado, Asier, e a min asústame o futuro...

ASIER: Si, os dous estamos asustados...

NOELIA: Pode que... os medos que sentimos os dous pos separado desaparezan se estamos xuntos...

ASIER: Si, Noelia, estou seguro de que si.

*Abrázanse.*

#### DÍA-INTERIOR-DIANTE DA CONSERXERÍA DO INSTITUTO.

*Lucía, Xabier, Brais e Enma, coas mochilas ó lombo, están conversando.*

LUCÍA: Están namoradísimos! Que volo digo eu, que entendo diso...

BRAIS: Son os Romeo e Xulieta do século XXI

XABIER: Si, só superados en sentimento por min e pola miña Lucía (*abraza a Lucía*).

BRAIS: E por min e a miña Enma (*abraza a Enma*).

ENMA: Aparta! (*empurra a Brais para separarse del*).

LUCÍA: Calade, que aí veñen.

*Achéganse Noelia e Asier.*

BRAIS: Ola, ola, tortolitos...!

NOELIA E ASIER: Ola!

ENMA: Témonos que ir, Noelia.

LUCÍA: Muller, que présas! Deixa polo menos que se despida.

NOELIA (*a Asier*): Veña, vémonos mañá...

ASIER: Ata mañá...

BRAIS: Veña, non vai a haber nin sequera un chucho pequeniño...? Muak, muak...! (*fai acenos de bicar*).

*Noelia e Enma afástanse, saíndo pola porta do instituto. Asier queda mirando como se van, a carón dos outros tres amigos.*

#### INTERIOR-DÍA-ENTRADA DA CASA DE ROSA.

*Enma abre a porta e entran ela e Noelia. Sae Fernando do salón e párase diante delas.*

FERNANDO: Noelia. Teño que dicirche algo.

NOELIA: Que pasou?

FERNANDO: É sobre a túa nai, Noelia...



NOELIA (*preocupada*): Que lle pasa á miña nai?

FERNANDO: Está ingresada no hospital, Noelia... Acaban de chamar. Rosa está con ela.

NOELIA: E Carme e Iago...?

FERNANDO: Non te preocupes. Están en casa duns amigos...

NOELIA: Quero ir vela...

FERNANDO: Claro, vamos, teño o coche aí fóra...

*Saen os tres pola porta que dá á rúa.*

#### INTERIOR-DÍA-HABITACIÓN DO HOSPITAL.

*Xulia está deitada na cama, moi desmellorada, sen forzas. Sentada ó seu carón está Rosa. Noelia abre a porta e entra lentamente. Detrás dela veñen Fernando e Enma, que quedan nun segundo plano. Noelia senta na cama, a carón da súa nai.*

XULIA: Noelia, miña nena, estás aquí...

NOELIA: Si, mamá, estou aquí... Que tal estás?

XULIA: Bah...! Non hai queixa... Un pouco débil, pero nada máis... Xa se me pasará...

NOELIA: Si, mamá, seguro que te has poñer boa...

XULIA: Fillá, escoita... Ti es a maior da familia... Agora que estou... ben, que estou enferma, vas ter que ser ti a que coide de Iago e Carme...

NOELIA: Descoida, mamá... Eu cuidarei deles...

XULIA: Sei que o farás, filla, seino... (*míraa con tenrura*). Vén, achégate, quero abrazarte...

*Noelia achégase á súa nai e ambas danse un abrazo. Choran. Rosa agacha a cabeza para non mirar, Enma dáse a volta para que non a vexan chorando e Fernando desvía a mirada.*

#### EXTERIOR-DÍA-PAISAXE FERMOUSA.

*Noelia e Asier, abrazados, sentados no chan, miran ó lonxe. Pasan uns instantes de silencio antes de que falen.*

ASIER: Tes que ter esperanza...

NOELIA: Seino. Pero non podo evitar estar triste. Miña nai sempre era a que nos daba forza. Incluso cando noso pai desapareceu no mar, ela foi a que mantivo en pé á familia... Cando todos nos afundiamos na tristeza, miña nai era a que nos mantiña a flote... E agora... Vina tan débil, tan rendida...

ASIER: Así é a enfermidade, Noelia...

NOELIA: Seino... E sei que tes que ter paciencia comigo, Asier... Ti xa tes bastantes problemas... Xa tiveches bastantes desgrazas na túa familia como para que veña eu agora a entristecerte aínda máis... Perdoa...

ASIER: Non me importa... Quero axudarche... Agora estás triste, pero xa verás, dentro de pouco a alegría volverá...

NOELIA: Ti cres?

ASIER: Estou seguro.

NOELIA (*pensativa*): Pasado e futuro, si. Os dous son opostos. Se o pasado está cheo de tristeza, é de xustiza que o futuro sexa feliz...

*Asier asinte. Os dous míranse e sorrín. Miran ó lonxe.*

#### INTERIOR-DÍA-HOSPITAL.

*Noelia corre polos corredores do hospital, moi asustada. Chega á sala de espera. Alí están sentados Rosa e Fernando, que ó vela se poñen en pé. Están tristes. Noelia chega correndo ata eles, case sen alento. Queda mirando cara a eles moi asustada. Rosa nega coa cabeza, moi triste. Noelia empeza a chorar. Rosa abrázaa mentres Noelia chora. Fernando tócalle no ombro coa man.*

#### EXTERIOR-DÍA-CEMITERIO.

*A xente rodea o ataúde de Xulia. Diante está Noelia. Rosa abrázaa. Ó seu lado está Fernando, que abraza a Iago e a Carme. Tamén están, un pouco máis atrás, Enma, Xabier, Lucía, Brais e Asier. Outra persoas acompañan á familia situadas algo máis atrás. Noelia, Iago e Carme choran*

*en silencio. O sacerdote está diante do ataúde, recitando as últimas oracións. Dous homes collen o ataúde para introduci-lo na sepultura. Rosa abraza forte a Noelia e Fernando a Iago e Carme.*

#### EXTERIOR-DÍA-SAÍDA DO CEMITERIO.

*A xente vai saíndo. Ó final saen Fernando e Rosa, que acompañan a Iago e Carme. Logo saen os amigos de Noelia e, finalmente, ela con Asier. Os outros vanse afastando e quedan sós Noelia e Asier a carón da porta do cemiterio.*

NOELIA: Xa está. Este é o final.

ASIER: Non, Noelia. Non hai final. Nunca hai final. Cada final é un novo principio.

NOELIA: Pero... xa nada volverá ser como antes...

ASIER: Iso é verdade. Pero iso ocorre todos os días. Ningún día é igual có anterior. Todo é sempre novo.

NOELIA: Non sabes o triste que estou pensando que o meu pai e a miña nai xa nunca volverán estar comigo...

ASIER: Si, entendo...

NOELIA: Eles protexíanme... Agora...

ASIER: Agora protexereite eu, Noelia...

*Míranse e sorrinse.*

NOELIA: Vas ter que coidar moito de min...

ASIER: Non te preocupes... Fareino...

*Sorrín con tristeza.*

#### EXTERIOR-DÍA-PAISAXE FERMOUSA.

*Asier e Noelia camiñan polo camiño collidos da man. Chegan ó lugar onde se divisa a paisaxe fermosa e páranse a mirar.*

NOELIA: Todo cambia, pero isto segue igual... *(Asier asinte)*. Sabes? Este lugar dáme seguridade. Pasa o tempo. Uns nacen, outros morren... pero isto segue aquí... sempre aquí... *(calan e observan a paisaxe)*. Gustaríame saber como estará todo isto dentro de moitos anos... que será desta paisaxe e que será de nós... *(calan e observan a paisaxe)*. Asier, que é máis importante? O pasado ou o futuro?

ASIER: Non sei... De momento, para nolos dous, o futuro... Dentro duns anos, cando sexamos vellos e empecemos a mirar atrás na nosa vida, o pasado hanos importar máis...

NOELIA: Asier, quero descubrir o futuro contigo...

ASIER: E eu contigo, Noelia...

NOELIA *(sorrindo)*: Imos buscalo entón?

ASIER *(sorrindo)*: Imos.

*Afástanse polo camiño collidos da man.*